

Subvencións para a obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE)

PARA OS VECIÑOS

PARA QUEN:

Persoas físicas ou xurídicas **titulares de establecementos ou servizos turísticos⁽¹⁾** que teñan inscrita a actividade turística para a cal se solicita a axuda no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia. No caso de empresas ademais deben estar comprendidas na definición de pequena e mediana empresa.

(1) Establecementos de turismo rural, establecementos hoteleiros, apartamentos e vivendas turísticas, campamentos de turismo, axencias de viaxes, cafetarías, bares, restaurantes e empresas de servizos turísticos complementarios.

PARA QUE:

Procesos de obtención (1ª certificación), seguimento e/ou renovación da marca Q de Calidade Turística do ICTE, que se desenvolvan durante o ano 2019 e que se inicien a partir do 1/1/2019.

Son obxecto da subvención:

- Os custos de **auditoría externa** de certificación, seguimento e/ou renovación do sistema, facturados por entidade auditora acreditada polo ICTE.
- Os custos derivados dos dereitos do uso da marca Q facturados polo ICTE ao establecemento.

COMO:

A adxudicación das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, en función da puntuación acadada conforme os criterios de valoración que figuran nas bases da convocatoria.

CON QUE IMPORTE:

O **importe máximo poderá ser de ata un 60% do importe do investimento neto do proxecto subvencionado**, en función da puntuación obtida por cada solicitude en aplicación dos criterios de valoración, cun máximo de 2.000 euros para os procesos de 1ª certificación e/ou renovación da marca Q e de 1.000 euros para procesos de seguimento. Para as solicitudes cuxa auditoría externa se realice mediante a modalidade multi-site (oficina central e sucursais) estes máximos ascenden a 3.000 e 2.000 euros respectivamente.

CANDO:

A publicación da convocatoria estímase para o segundo trimestre do 2019.

MÁIS INFORMACIÓN:

www.turismo.gal/canleprofesional/promocion-do-sector/axudas-e-subvencions

T. 981 54 63 63 / 981 54 74 04

Enderezo electrónico: fomento.turismo@xunta.gal